

XXX

Reclamante: XXX
Expediente. Nº **RSCTG 175/2023**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 27 de xuño de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 31 de xullo de 2023, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 7 de xuño de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (actual Consellería de Economía, Industria e Innovación) con data do 3 de abril de 2023, na que interesaba o acceso á autorización e actual titular do establecemento situado na parcela nº XXX do Polígono núm. XXX do Concello de A Pastoriza.

Segundo. Con data do 13 de xuño de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 22 de xuño de 2023 a Consellería de Economía, Industria e Innovación contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que dado que existen terceiros cuxos dereitos e intereses poderían verse afectados, con carácter previo, púxoselle de manifesto ao solicitante que a anomización dos seus datos solicitada non era un suposto previsto a ese tipo de solicitudes por entender que a persoa que pretende acceder ao expediente en cuestión resulta un dato relevante aos efectos de que o titular puidera alegar o que estimase, polo que requiríuselle

ao solicitante para que manifestara a súa postura ao respecto, reafirmándose este na súa postura de manter no anonimato a súa identidade á hora de dar traslado a outros interesados no expediente.

Considera a Xefatura Territorial que a identificación do solicitante do acceso ben sendo una práctica habitual e aínda que a Lei de transparencia non se pronuncia sobre a se podería resultar recomendable ou non mantelo no anonimato; dita pretensión semella ir en contra do espírito da propia lei posto o mesmo nivel de transparencia que o texto legal garanta á cidadanía debería ser igualmente recoñecido a outros interesados. Esta transparencia de dobre dirección considera que debe respectarse non só en canto se se pretende acceder a unha información que pode afectar aos intereses lexítimos dun terceiro senón que tamén no que se refire a quen é a persoa que pretende facelo xa que ditos intereses poden verse afectados de distinta maneira en función de quen tomaría vista do expediente. A este extremo cómpre salientar que, segundo consta nos rexistros desta xefatura, o solicitante ven desenvolvendo nos últimos anos funcións de dirección facultativa e outras afíns a traballos mineiros polo que se entendeu que a súa identidade podería ser un dato relevante e que debería ser tido en consideración por aqueles aos que se lles dera traslado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente.

XXX solicitou á Consellería, acceso á autorización e actual titular dun establecemento que identifica co seu enderezo, sen obter resposta.

A Xefatura Territorial, considera que non é posible conceder o acceso á información, polo feito de que o solicitante da mesma, esixe manter o seu anonimato no tramite de audiencia aos titulares de dereitos ou intereses que poidan resultar afectados pola resolución que se dite.

O concepto de interesado en materia de transparencia, ten unhas peculiaridades respecto do concepto de interesado nun procedemento administrativo, xa que de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 19/2013, o dereito de acceso á información pública recoñécese a todas as persoas, esixindo a Lei unicamente que o solicitante se identifique a efectos de poder remitirle a resolución que se dite sobre o acceso e no seu caso a información solicitada. O artigo 24 da Lei 1/2016, establece que no exercicio do dereito ao acceso á información pública, garantiráselle ao interesado a posibilidade de utilización da información obtida sen necesidade de autorización previa e sen máis limitacións que as derivadas da normativa de Transparencia ou doutras Leis. Por tanto, é irrelevante a identidade do solicitante de

información pública, a relación que teña coa Administración ou da relación que teña coa información ou coa materia sobre a que solicita información. O dereito de acceso á información pública non vén determinado polo feito dun interese concreto ou específico do solicitante, debendo calquera solicitude cuxa materia non estea excluída ou limitada no seu acceso pola normativa vixente, ser resolta non senso de conceder o acceso á información.

Por tanto non pode aceptarse a denegación do acceso ao solicitado polo feito de que o solicitante no dea o seu consentimento para que se revele a súa identidade ao titular da información, xa que o dereito de acceso é un dereito que o ordenamento xurídico recoñece a calquera, sendo o único relevante para ditar a resolución sobre o mesmo, que se comprobe pola Administración actuante a concorrencia dalgún límite dos establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013 na información solicitada, ou de causa algunha de inadmisión das establecidas no artigo 18 da mesma Lei.

Por tanto procede a estimación da reclamación presentada, previa a substanciación do trámite de audiencia, preservando a identidade do solicitante, debendo a Consellería ditar resolución expresa sobre a mesma e notificarlla ao solicitante, previa valoración da existencia de posibles límites ou causas de Inadmisión na información solicitada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por XXX con data do 7 de xuño de 2023, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación con data do 3 de abril de 2023, na que interesaba o acceso á autorización e actual titular do establecemento situado na parcela nº XXX do Polígono núm. XXX do Concello de A Pastoriza.

Segundo: Instar á Consellería de Economía, Industria e Innovación a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda ao interesado á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Consellería de Economía, Industria e Innovación a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses,

contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 92 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela.

PS (art.8 Lei 6/1984)

María Xosé Porteiro García

Adxunta á Valedora do Pobo